



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Recursos para a Investigación da Literatura		Código	613584106
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Vallin Blanco, Gema	Correo electrónico	g.vallin@udc.es	
Profesorado	Vallin Blanco, Gema	Correo electrónico	g.vallin@udc.es	
Web	guiadocente.udc.es			
Descrición xeral	Ferramentas e fontes de información impresas e dixitaiss para a investigación dos estudos literarios e culturais, con especial atención ás tecnoloxías da información e da comunicación.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non haberá cambios. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Manteranse todas as metodoloxías, que serán adaptadas a modalidades de docencia telemática, de tipo síncrono (a través de Teams) e asíncrono (a través de Moodle). *Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Mecanismos de atención permanente: correo electrónico para a atención individual, foro xeral en Moodle sobre a organización da materia e foro específico en Moodle sobre as actividades avaliábeis. Mecanismos de atención dispoñíbeis a petición do alumnado: Vídeo-titorías a través de Teams. 4. Modificacións na avaliación Manteranse o mesmo sistema de avaliación, de acordo coa adaptación á modalidade non presencial das metodoloxías docentes. *Observacións de avaliación: Mantéñense as recollidas na guía docente. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía A bibliografía de referencia non será modificada, aínda que serán facilitados materiais específicos (en formato PDF ou URL) a través da plataforma Moodle para o acompañamento das sesións non presenciais.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural
A2	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural
A3	Ser capaz de realizar aportacións creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais



A4	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos
A5	Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación
A6	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos hispánico e galego-portugués
A7	Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma
A10	Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos
A12	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais
A13	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais
A14	Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais
B1	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades
B3	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro
B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben enfrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
B9	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser, en grande medida, autodirixido ou autónomo
B10	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C1	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva
C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C3	Demostrar un compromiso ético coas desigualdades
C4	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador
C8	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico
C9	Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma.		AM1	BM1
		AM3	BM3
		AM6	BP3
		AM8	BP4
		AI1	BP5
			CM1
			CM2
			CM4
			CM5
			CM6
			C11
			C12



Desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no campo dos estudos literarios e culturais	AM1 AM3 AM6 AM8 AI1	BM1 BM3 BP3 BP4 BP5 BP7	CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 CI1 CI2
Saber interpretar textos aplicando diferentes modelos de tipo xenérico.	AM2 AM3 AM4 AM5 AM7 AP1	BM1 BM3 BP3 BP4 BP5	CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 CI1 CI2 CI3
Coñecer as técnicas do análise cultural tendo en conta os fundamentos ideolóxicos dos diferentes contextos ideolóxicos.	AM2 AM3 AM4 AM5 AM7 AI3	BM1 BM3 BP3 BP4 BP5	CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 CI1 CI2
Adquirir un concepto da literatura mediante a súa relación coas TICS e saber aplicar o mesmo a textos diferentes.	AM2 AM3 AM4 AM5 AM7 AI2	BM1 BP1 BP3 BP5 BP6	CM1 CM2 CM5 CI2

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Recursos para a investigación literaria	1.1. Nocións básicas. 1.2. As fontes. 1.3. Onde buscar as fontes.
2. Fontes convencionais	2.1. Fontes xerais: historias da literatura, coleccións textuais, coleccións documentais, monografías, antoloxías, revistas especializadas. 2.2. A bibliografía: a tradicional, a específica, publicacións periódicas. 2.3. Repertorios bibliográficos: por autor, por materia, por lugar de conservación. 2.4. Libros de consulta: enciclopedias, dicionarios, repertorios, anuarios e almanaques.
3. Fontes electrónicas	3.1. As novas tecnoloxías e a investigación literaria 3.2. As bases de datos 3.3. Bibliotecas virtuais 3.4. Catálogos colectivos 3.5. Directorios e portais 3.6. Catálogos de bibliotecas en red 3.7. Revistas electrónicas



4. Outros recursos	4.1. Manuscritos 4.2. Edicións 4.3. Traduccións 4.4. Actas de Congresos 4.5. Homenaxes 4.6. Epistolarios 4.7. Obras misceláneas
--------------------	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas a través de TIC	A2 A4 A5 A14 A10 B4 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C4 C7 C5 C6 C9	2	15	17
Obradoiro	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A14 A10 A8 A12 B6 B7 B9 B3 C1 C7 C5 C6 C9	2	2	4
Sesión maxistral	A13 A1 A2 A3 A5 A7 A10 C3 C7 C8	10	8	18
Análise de fontes documentais	A5 A14 B6 B7 B9 C1	1	10	11
Traballos tutelados	A2 A4 A10 B1 C7 C5 C6 C9	0	20	20
Atención personalizada		5	0	5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	Prácticas dirixidas polo profesor que terán en conta as destrezas do alumno na busca de fontes electrónicas para o estudo da literatura.
Obradoiro	Realización dunha exposición oral onde se valorará a competencia a capacidade do alumno para expor as súas inquietudes e dúbidas sobre a materia do programa.
Sesión maxistral	Explicación por parte do profesor dos contidos do programa, que inclúe a formulación de preguntas por parte dos alumnos.
Análise de fontes documentais	Estudo de textos e outras fontes que condúzan ao mellor coñecemento e dominio da materia do programa e a adquirir de forma máis eficaz as destrezas asociadas ao mesmo.
Traballos tutelados	Proba de carácter teórico-práctico que avallará os coñecementos e destrezas adquiridos e que terá lugar ao final do curso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Análise de fontes documentais Prácticas a través de TIC Obradoiro	Estas metodoloxías comportan un seguimento particularizado do profesor, dentro e fóra da aula, segundo un calendario que se indicará ao principio do curso.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A2 A4 A10 B1 C7 C5 C6 C9	Realización dun traballo sobre o contido da materia. Valorarase a asistencia as titorías correspondentes. Tamén a corrección no contido e na expresión.	60
Prácticas a través de TIC	A2 A4 A5 A14 A10 B4 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C4 C7 C5 C6 C9	Realización dunha proba práctica sobre os contidos da materia.	20
Obradoiro	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A14 A10 A8 A12 B6 B7 B9 B3 C1 C7 C5 C6 C9	Valorarase a participación e exposición oral no obradoiro sobre un dos contidos da materia.	20

Observacións avaliación

1. OBSERVACIÓNS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación.

1.2. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

1.3. Todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...). As deficiencias lingüístico-expositivas serán penalizadas na cualificación.

2. AVALIACIÓN DA SEGUNDA OPORTUNIDADE (XULLO)

Na 2.^a oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Obradoiro e participación en eventos científicos). Así, para superar a materia, terá que realizar unha "Proba mixta" para avaliar esa parte (40%) e presentar o "Traballo tutelado" (60%).

3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

Nesta oportunidade adiantada cada alumno/a será avaliado/a mediante unha "Proba mixta", que suporá o 100 % da cualificación final.

4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO/A

Considerarase como NON PRESENTADO/A o/a alumno/a que non entregue o traballo final obrigatorio ou non realice a proba escrita.

5. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio do curso académico para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes). Así mesmo, aquel alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado responsábel.

7. OUTRAS PRECISIÓNS

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación. Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

Fontes de información



Bibliografía básica	- Agenjo, X y Hernández, F. (2009). La biblioteca virtual: función y planteamiento. Boletín de la ANABAD, 59, pp. 25-105 - Casas, M., Redondo, G, y Sánchez, S. (2013). Actas del Seminario Internacional sobre Bibliotecas digitales y Bases de datos especializadas en Literaturas Hispánicas (BIDESLITE)i. Madrid: Instituto Universitario Menéndez Pidal-Universidad Complutense de Madrid - Dacos, M. y Mounier, P. (2010). L'édition électronique. Paris: Éditions La Découverte - Foucault, M. (1991). Archéologie du savoir. Paris: Gallimard - García-Carcedo, P. (ed.) (2011). Enseñanza virtual y presencia de las literaturas. Granada: Universidad de Granada - Goicochea, M. (ed.) (2010). La entrada en la filología hoy: escritura, informática, información. Madrid: Servicio de Publicaciones de la UCM - Laplana, J. E. (2002). Aproximación al hispanismo en Internet. Boletín de la AIH, 9, pp. 183-191 - López Poza, S. y Pena Sueiro, N. (2014). Humanidades Digitales: desafíos, logros y perspectivas de futuro. Janus, anexo 1. A Coruña: SIELAE - Palau Dulcet, J. (1948-1985). Manual del libro hispano-americano. 28 vols y 4 de índices. Barcelona: Palau - Reynolds, L. D. y Wilson, N. G. (1986). Copistas y filólogos. Madrid: Gredos - Romera Castillo, J. et alii (1997). Literatura y multimedia. Madrid: Visor Libros - Rodríguez, J (ed.) (2012). Libros electrónicos y contenidos digitales en la sociedad del conocimiento. Madrid: Pirámide - Simón Díaz, J. (1980). Bibliografía de la Literatura Española. Madrid: Gredos - Simón Díaz, J. (1950). Bibliografía de la Literatura Hispánica. 16 vols.. Madrid: CSIC - Caenegem, R. C. van y Ganshof, F. L. (1997). Introduction aux sources de l'histoire medievale. Typologie, histoire de l'erudition medievale, grandes collections, sciences auxiliares, bibliographie. Belgique: Brepols Tamén se entregará aos alumnos unha bibliografía específica para cada un dos temas do programa.
Bibliografía complementaria	- (). Lexilogos.com. "Dictionnaire français": "ancien français". - (). gallica.bnf.fr. - Bossuart, R. et alii (1964). Dictionnaire des lettres françaises. Le Moyen Age. Paris: Fayard - Cohen, R. (2003). 500 Cantigas d'Amigo. Porto: Campo das Letras - Mölk, U. y Wolfzettel, F. (1972). Répertoire métrique de la poésie lyrique française des origenes à 1350. München: Wilhelm Fink Verlag München - Soriano, L. et alii (1988-2015). Boletín Bibliográfico de la Literatura Hispánica Medieval. AHLM - Soriano, L. et alii (2014). Humanitats a la xarxa: món medieval/ Humanities on the Web: the Medieval World. Bern: Peter Lang

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías